

FORMACIÓN DO GALEGO¹

O SUBSTRATO PRERROMANO

Civilización castrexa no NO peninsular (antes da chegada dos romanos).

- Descoñecen a escritura.
- Pobos preindoeuropeos (na Idade de Pedra) / Pobos indoeuropeos (Idade dos Metais). P.e. os celtas.

ROMANIZACIÓN. O ESTRATO LATINO.

Gallaecia, no Imperio Romano:

- Do séc. I a.C. ao séc. V d.C.
- Extensión: Ata o Douro / Occidente de Asturias, León e Zamora.
- Coñecemento do latín: requisito para obter a cidadanía romana (Implicaba privilexios).
- Superioridade cultural da civilización romana → Desaparición linguas prerromanas. Excepcións: éuscaro na PI.
- Opcional: emperadores (Máximo, Teodosio), escritores (Exeria, Paulo Orosio).

SUPERESTRATO (XERMÁNICO E ÁRABE)

Séc. V: Caída do Imperio Romano + Invasións bárbaras (pobos xermánicos) → Os suevos establécense na antiga Gallaecia (monarquía sueva).

Os invasores aprenden o latín preexistente na zona (eran minoría, pobos guerreiros...).

Séc. VII: Invasión árabe.

Na Gallaecia non chegan a instalarse → Os arabismos presentes no galego chegan de forma indirecta (a través do castelán ou do portugués).

INFLUENCIA DAS LINGUAS DE SUBSTRATO E SUPERESTRATO NO GALEGO

		Anota 2 palabras en cada cadro (unid. 3 libro de texto)	
SUBSTRATO	Preindoeuropeo + Indoeuropeo (non celta / celta)		
SUPERESTRATO	XERMÁNICO	Antropónimos e/ou topónimos	
		Léxico común	
	ÁRABE		

¹ Unid. 3 libro de texto.

VOCES PATRIMONIAIS, SEMICULTISMOS, CULTISMOS².

		Do étimo latino PLENUM
Palabras patrimoniais	Entraron na época da romanización. Sufriron toda a evolución do paso do latín ao galego ³ .	cheo
Semicultismos	Entraron de forma tardía. Proceden do latín. Sufriron algúns cambios, non toda a evolución.	preamar
Cultismos	Entraron de forma máis tardía, nunha época en que xa non se producían evolucións. Proceden do latín ou do grego. A palabra mantén practicamente a forma que tiña na lingua orixe.	pleno

PARES LÉXICOS

Un mesmo étimo latino pode presentar dúas ou tres solucións, segundo sexan patrimoniais, cultismos ou semicultismos:

PATRIMONIAL	SEMICULTISMO OU CULTISMO	ÉTIMO
luar	lunar	LUNA
segredo	secreto/a	SECRETU(M)
chea	preamar (semicultismo) Plena (cultismo)	PLENA(M)
Exemplos e actividades: unid. 3.		

FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES⁴

Familia léxica (regular):	Conxunto de palabras que posúen un lexema común.	Cheo, recheo, cheísimo...
Familia léxica irregular:	Conxunto de palabras que posuían un lexema común en latín (proceden do mesmo étimo latino, p.e. PLENAM), pero hoxe presentan alteracións no lexema, segundo entrasen por vía patrimonial, semiculta ou culta (plena).	Chea, preamar, plena (respectivamente, patrimonial, semiculta, culta).
Exemplos e actividades: unid. 4.		

² Unid. 3 libro de texto.

³ Principais evolucións do latín vulgar ao galego: As consoantes dobres –LL- e –NN- latinas simplifican en posición intervocálica: GALLU > galo, ANNU > ano. As consoantes P, T, K intervocálicas pasan a b, d, g: RIPARIA > ribeira, RUTA > roda, AMICU > amigo. O grupo latino –CT- evoluciona a –it-: NOCTE, LACTE > noite, leite. Grupos consonánticos iniciais latinos PL-, CL- FL- pasan a ch-: PLORARE, CLAMARE, FLAMMA > chorar, chamar, chama. Desaparición do –N-, –L- intervocálicos: LUNA, FILU > lúa, fío. Etc. Vid. unid. 3 libro de texto.

⁴ Unid. 4 libro de texto.

O GALEGO ANTIGO (SÉC. IX-XV): O GALEGO NA ÉPOCA MEDIEVAL⁵

FORMACIÓN DO GALEGO				GALEGO ANTIGO (MEDIEVAL)				
Ata séc. I a.C.	Séc. I a.C. a séc. V d.C	Séc. V	Séc. VIII	Séc. IX	Séc. XII	Séc. XIII	Séc. XIV	Séc. XV
Pobos prerromanos	Romanización	Invasión xermánica	Invasión árabe	Sepulcro do Apóstolo	Independencia de Portugal	Período afonsino	1ª loita dinástica	2ª loita dinástica
Linguas prerromanas	Latín vulgar	Latín vulgar +xermanismos	Latín vulgar +xermanismos +arabismos	Nacemento linguas romances	Galego-Portugués Lírica trobadoresca		Galego e castelán en Galicia. Portugués en Portugal.	
SUBSTRATO	ESTRATO	SUPERESTRATO		PERÍODO ESPLENDOR MEDIEVAL			PERÍODO DECADENCIA MEDIEVAL	
FORMACIÓN DO GALEGO				GALEGO ANTIGO (MEDIEVAL)				

O ESPLENDOR MEDIEVAL (SÉC. IX-XIII)

Lingua utilizada:

Séc. IX-XII	Latín	Lingua de prestixio (da Administración e da Igrexa). Lingua de contextos formais, usada na escrita.
	Gal-Port.	Lingua de comunicación oral espontánea (familiar-coloquial). Monolingüismo oral en galego: reis, nobres e pobo son galegofalantes.
Séc. XIII	Galego-P	Comeza a ser lingua de escritura, xunto co latín.

Séc. IX-XIII: Galicia vive un período de esplendor político, económico e cultural	
Séc. IX:	Descobremento do sepulcro de apóstolo San
Ata séc. XII:	Importancia de Galicia: <ul style="list-style-type: none"> • Política, entre os reinos peninsulares. • Cultural, en occidente. Producción cultural en galego: Música, poesía (cantigas medievals galego-portuguesas) + Prosa.
Séc. XII:	Independencia de Portugal → Comeza o proceso de separación das falas do norte e sur do Miño: <ul style="list-style-type: none"> • Galicia queda integrada na monarquía castelá-leonesa. • Portugal convértese en reino independente, con capital en Lisboa.
Séc. XIII:	Reinados de Fernando III o Santo e o seu fillo: Envían xente de fóra de Galicia (descoñecen o galego) a ocupar cargos de poder → Comeza o proceso de penetración do castelán en Galicia.

⁵ Unid. 4 (Libro de texto).

O PERÍODO MEDIEVAL DE DECADENCIA (SÉC. XIV-XV)

Séc. XIV-XV:	1ª loita dinástica pola coroa de Castela (Pedro I – Henrique de Trastámara). A nobreza galega apoia a Pedro I. Henrique (o vencedor) substitúe ós nobres galegos por nobres casteláns.
Séc. XV:	2ª loita dinástica pola coroa de Castela (Isabel a Católica-Xoana a Beltranexa). De novo, a nobreza galega apoia á perdedora. Os Reis Católicos toman represalias: <ul style="list-style-type: none">• Postos clave de administración e da igrexa pasan a ser ocupados por xente de fóra de Galicia (descoñecen o galego, impoñen o castelán).• Política lingüística uniformadora: considérase a lingua (castelán) compañeira do “imperio”.

A partir do séc. XV: Galicia está dentro do reino de Castela. Comeza un período de marxinación da lingua galega, a favor do castelán (lingua do reino). En Castela, primeira gramática en castelán (Nebrija, 1492)⁶, [literatura](#) renacentista en castelán, imprenta... O galego queda fóra de todo este movemento cultural.

Contrariamente, en Portugal, o portugués é a lingua do reino: Desenrólase con total normalidade no Renacemento ([Gramática](#), [literatura](#), imprenta...).

⁶ Escribe Nebrija no “Prólogo” á súa *Gramática*:

“Cuando bien conmigo pienso, mui esclarecida Reina, i pongo delante los ojos el antigüedad de todas las cosas, que para nuestra recordación y memoria quedaron escritas, una cosa hállo y: saco por conclusión mui cierta: *que siempre la lengua fue compañera del imperio; y de tal manera lo siguió, que junta mente començaron, crecieron y florecieron, y después junta fue la caída de entrambos*”.